



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Exposición pública aprobación padrón do IVTM 2021 e anuncio de cobranza

ANUNCIO

Asunto: Exposición pública aprobación padrón do IVTM 2021 e anuncio de cobranza.

Por Resolución de Alcaldía núm 557/2021, de data 27 de maio, adoptouse o seguinte acordo:

“Asunto: PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA PERIODO IMPOSITIVO 2021

Visto que é necesario proceder á aprobación do padróns fiscal relativo ao Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, correspondente ao exercicio 2021, e co fin de proceder á correspondente recadación do citado imposto, e despois de examinar a documentación achegada e o informe de intervención de data 27.05.2021, de acordo co establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO,**

PRIMEIRO.- Aprobar o PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA correspondente ao período impositivo 2021, no que se incorporan 4.080 recibos que suman un total de 275.569,86 euros.

SEGUNDO.- Expoñer ao público dito padrón durante o prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos do concello. A publicación terá o carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante o prazo de exposición pública, o devantivo padrón estará a disposición dos interesados, que poderán examinar os datos que lles afecten. Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a este, os contribuíntes e, en xeral, os interesados, poderán interpor os seguintes recursos:

1.- O de reposición regulado no artigo 14.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo), perante a Alcaldía deste concello, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ao transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

2.- Contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación de dita resolución, se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses desde a súa interposición, se non o fose.

3.- Poderá interporse calquera outro recurso que os interesados estimen pertinente.

TERCEIRO.- Establecer como período voluntario de cobro das liquidacións resultantes deste Padrón, o período que abranguerá desde o día 29 de xuño ao día 31 de agosto de 2021.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciárase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan, e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

De acordo co establecido no RD939/2005, as modalidades de cobro

1º Por transferencia ou ingreso na conta IBAN ES-95-2080-0205-75-3040011190 de Abanca Corporación Bancaria, S.A, previa remisión da carta de pago pola oficina de recadación.

2º Domiciliando os recibos que serán cargados nas respectivas contas dos contribuíntes. Os recibos domiciliados pasaranse ao cobro a partires do 29 de xuño de 2021.

3º Comparecendo o suxeito pasivo nas oficinas da recadación municipal, sitas rúa Os Corzás, 6-baixo, nas que lle será entregado o correspondente recibo acreditativo do ingreso, en horario de luns a venres de 09:00 a 14:00 horas, nas que lle será entregado o correspondente recibo acreditativo do ingreso.

CUARTO.- Notificar as liquidacións correspondentes as altas no padrón.

QUINTO.- Que se proceda á publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO.- Dar traslado do acordo á Intervención municipal, para que proceda á toma en razón en contabilidade do Padrón aprobado.”

Mugardos, 28 de maio de 2021

O Concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 536/2021 de 24.05.2021)

José Miguel Mahía Prados

2021/4592